


# ALLARIZ: UN COMPROMISO ACTIVO CO ENTORNO.



*Cando o viaxeiro chega a Allariz a primeira sensación que percibe é a de que se acaban de lavar as rúas e as fachadas das vivendas. Toda a vila parece participar na complicitade de ofertar un lugar apacible e acolledor como pode ser o propio fogar. Tras un breve percorrido polos camiños empedrados do pobo ou pola zona do Arnado dende o campo histórico de San Isidro ata a ponte románica de Vilanova sácase a conclusión de que eiquí é un sitio agradable para estar. Iso sen achegarse á área de lecer da Acearrica, aguas arriba da ponte de Vilanova ou ao Parque de Portovello ou facer o paseo en barca partindo das instalacións do Centro Cívico "A Fábrica". Dende a atalaia onde se asentaba o desaparecido Castelo podémonos facer unha idea do conxunto.*

Todo o anterior podería servir para un folleto turístico para atracción de visitantes e despois facer aquilo de "barrer para debaixo da alfombra". Para saír de dúbidas acudimos á Oficina Municipal de Meio Ambiente e falamos co responsable, Xaquín Rodríguez Ambrosio. A Oficina inaugurouse oficialmente hai uns poucos meses anque se leva traballando dende hai ano e medio aproximadamente. Xaquín é capataz forestal e está ao cargo de tres persoas. Entre todos xa poden ofrecer realizacións como:

## Reciclaxe de vidro e papel

O Concello colocou varios contenedores da súa propiedade onde se deposita e recolle todo vidro de xeito indiscriminado, tritúrase e almacénase nunha granxa abandonada. Cando se acada certo volumen chaman a unha empresa asturiana (REVISA) que o paga a 3 Pts/kg. e se encarga do seu transporte. O precio sería superior de ir clasificado. Xa levan aproveitado desta maneira máis de 30.000 kgs.

Os sábados pola mañán en puntos preestablecidos procédese a recoller o papel que os veciños depositan nuns contenedores especiais postos polo Concello. Tamén se recolle directamente en oficinas, Colexios de EXB da comarca, Institutos de BUP e FP, sindicatos, Colexio Universitario de Ourense, etc... Con un pacatador pequeno, que tamén serve para o vidro, procédese á redución de volumen e almacenado.

O chegar ós 20.000 kgs. é enviado a Madrid a unha fábrica de Papel Reciclado. Están a estudarse mellores coma a posible adquisición dunha prensa ou a venda a empresas galegas que posibiliten un abaratamento de custes.

## Recollida de materia orgánica

Aínda en estudo está o proxecto de recollida de materia orgánica, pero xa nos adiantaron as súas liñas xerais. Cubos herméticos

de certo tamaño serán colocados en puntos estratéxicos tres días por semán sendo utilizables só o mesmo día da recollida. A cada familia entregaráselle un cubo hermético pequeno e as correspondentes bolsas adaptables para ir recollendo os desperdicios orgánicos.

O compost elaborado con este material irá a parar ao viveiro municipal no que se pretende crear unha granxa escola destinada a nenos de entre 12 e 15 anos. Nesta escola impartiríanse asignaturas como agricultura e horticultura a nivel práctico, así como actividade tipo excursionismo, recuperación de fauna salvaxe, etc...

## Extinción de incendios e prevención

Tamén é competencia desta Oficina o relacionado coa conservación do monte e a prevención de incendios. O ano pasado unha brigada de nove homes procedeu durante seis meses a recuperar camiños e a rozar dous metros a cada lado. Fixéronse cortalumes, rozando só o mato e, cando había arboreda, polo sistema de cuadrículas. En total limpáronse uns 60 kms. entre cortalumes e pistas rozadas. Este ano os recortes orzamentarios da Xunta obrigan a limitar a actuación á conservación dos traballos feitos anteriormente con tres traballadores e durante tres meses tan só.

Con ganas e poucos medios para o que se necesita facer, vai encarrilando Xaquín Rodríguez e a súa equipa de colaboradores o tema da integración de home e meio ambiente no Concello de Allariz. O traballo abrangue facetas tan diversas como informar de cómo desfacerse dunha nevera vella, organizar cursiños de educación ambiental, tramitar denuncias por delitos ecolóxicos ou vixilancia de montes.

Contra a opinión dun ecoloxismo ácrata ou pretendidamente apolítico demóstrase que mediante o control de parcelas de poder, anque sexan tan limitadas como as dun concello, se pode pór en práctica o ideario dos que pretendemos que o home viva co meio ambiente armoniosamente. ■